Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 20/03/2024 12:07:36
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 6

Sesión da Deputación Permanente
11 de xaneiro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitudes de convocatoria da Deputación Permanente

1.1 63822 (11/SCDP-000010)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e seis deputados/as máis
Escrito de seis deputadas e deputados do Bloque Nacionalista Galego, pertencentes á Deputación Permanente, polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente

1.2 63831 (11/SCDP-000011)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e cinco deputados/as máis
Escrito de seis deputadas e deputados do Bloque Nacionalista Galego, pertencentes á Deputación Permanente, polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente

1.3 63855 (11/SCDP-000012)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santalices Vieira, Miguel Ángel e doce deputados/as máis
Escrito de trece deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia, pertencentes á Deputación Permanente, polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e comunica a ausencia da señora Prado Cores (BNG), polo que procederá a exercer a función de secretaria a vicepresidenta, a señora Candia López (P). (Páx. 5.)

A señora secretaria (Candia López) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente coa confirmación das substitucións producidas. (Páx. 5.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun punto único con tres solicitudes de convocatoria urxente da Deputación Permanente. (Páx. 5.)

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia, diante da situación de colapso en que se atopa a sanidade pública galega, para dar conta das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto. (Punto único da orde do día.)

Rolda do grupo parlamentario propoñente: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 6.)
Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 8.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 10.)
Rolda de peche do grupo parlamentario propoñente: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 13.)

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da actuación da Xunta diante da traxedia medioambiental provocada pola vertedura de *pellets* de plástico na costa galega, así como das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto. (Punto único da orde do día.)

Rolda do grupo parlamentario propoñente: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 15.)
Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 19.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 21.)
Rolda de peche do grupo parlamentario propoñente: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx.. 24)

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e doce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, co obxecto de que compareza a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante *Toconao* fronte á costa portuguesa. (Punto único da orde do día.)

Rolda do grupo parlamentario propoñente: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 26.)

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 28.) *e Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 30.)
Rolda de peche do grupo parlamentario propoñente: *Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 33.)

Votación das solicitudes de convocatoria da Deputación Permanente

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia, diante da situación de colapso en que se atopa a sanidade pública galega, para dar conta das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto: *rexeitada por 10 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da actuación da Xunta diante da traxedia medioambiental provocada pola vertedura de *pellets* de plástico na costa galega, así como das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto: *rexeitada por 10 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e doce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, co obxecto de que compareza a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante *Toconao* fronte á costa portuguesa: *aprobada por 23 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Remata a sesión ás once e cincuenta e sete minutos da mañá.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo a esta sesión da Deputación Permanente. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* de *Galicia* do 10 de xaneiro, polo que non procedemos á súa lectura. Xustifica a súa inasistencia dona María Montserrat Prado Cores e, polo tanto, a vicepresidenta, dona María Elena Candia López, en funcións tamén de secretaria, procederá á comprobación da asistencia, con indicación das substitucións se as houbese.

A señora SECRETARIA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE (Candia López): Grazas, presidente.

Paso a dar lectura para comprobar o quórum.

Luis Manuel Álvarez Martínez. *(Si.)*
Raquel Arias Rodríguez. *(Si.)*
Xosé Luís Bará Torres. *(Si.)*
Diego Calvo Pouso. *(Substituído por Moisés Rodríguez Pérez.)*
Maria Sol Díaz Mouteira. *(Si.)*
María Begoña Freire Vázquez. *(Si.)*
María Leticia Gallego Sanromán. *(Si.)*
María Montserrat Prado Cores. *(Substituída por Iria Carreira Pazos.)*
José Alberto Pazos Couñago. *(Si.)*
Rosana Pérez Fernández. *(Si.)*
Noelia Pérez López. *(Si.)*
Ana Pontón Mondelo. *(Substituída por Paulo Ríos Santomé.)*
María Corina Porro Martínez. *(Si.)*
Paula Prado del Río. *(Si.)*
Noa Presas Bergantiños. *(Si.)*
Olalla Rodil Fernández. *(Si.)*
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo. *(Substituída por Noa Susana Díaz Varela.)*
Alfonso Rueda Valenzuela. *(Substituído por Rubén Lorenzo Gómez.)*
Cristina Sanz Arias. *(Si.)*
Julio Torrado Quintela. *(Si.)*
Borja Verea Fraiz. *(Si.)*

Entendo que hai quórum, señor presidente.

(Preside a sesión o señor Santalices Vieira, asistido, en funcións de secretaria, pola señora Candia López.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A orde do día consiste en tres solicitudes, dúas delas corresponden ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto son os documentos 63822 e 63831, e hai outra

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

solicitude de convocatoria urxente de Deputación Permanente do Grupo Parlamentario Popular, documento 63855.

Entón imos debatelas por separado co seguinte tempo: rolda de defensa do grupo parlamentario propoñente por un tempo de dez minutos; rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes para fixar a súa posición sobre o documento por un tempo tamén de dez minutos; e unha rolda de réplica para o grupo propoñente por un tempo de cinco minutos. Despois votamos os documentos.

Entón, se lles parece, comezamos co documento 1.

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia, diante da situación de colapso en que se atopa a sanidade pública galega, para dar conta das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Feliz ano, antes de máis. E doulle a benvida tamén ás compañeiras e aos compañeiros dos medios de comunicación, que agora entran no propio Parlamento na comisión.

Hoxe, como dicía o presidente no seu inicio, desde o BNG rexistramos, con data do 4 de xaneiro —hai unha semana aproximadamente—, esta solicitude para que se convocase a Deputación Permanente co obxectivo de que compareza nela o presidente da Xunta de Galiza diante da saturación que levamos vivindo neste país desde finais do ano pasado no Sistema sanitario galego, e moi especialmente nas urxencias hospitalarias.

Cremos desde o BNG que non pode ser que vexamos imaxes como as que vimos nas urxencias do Hospital de Santiago, con pasillos ateigados de xente, e que aquí ninguén explique nada; que non pode ser tampouco que vexamos como se deriva a xente a Santiago desde o hospital da Barbanza, porque alí xa non poden atender a ninguén máis pero en Santiago tampouco, e que ninguén dea explicacións de nada. Non pode ser que as xuntas de persoal dos hospitais de Lugo ou da Coruña denuncien que hai xente agardando en urxencias máis dun día, máis de vinte e catro horas, pendente de ingreso —porque no HULA, por exemplo, no Hospital de Lugo, camas hai pero o que non hai é xente para atendelas—, e que aquí ninguén, desde o Goberno da Xunta de Galiza, explique nada.

Desde o BNG queremos que o máximo representante do Goberno galego —polo menos até o de agora— en vez de andar de *tournée* electoral —primeiro porque agora está escondido a ver se as bólas de plástico non o salpican— baixe polo menos un día do autobús electoral e

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dea explicacións aquí na Cámara, no Parlamento de Galiza, diante de toda a sociedade deste país polo que está acontecendo na sanidade pública galega. E haberá quen diga que isto é habitual, que pasa todos os invernos, que, bueno, que hai gripes, que hai catarros, que este ano, ademais, o andazo pegou máis duro pola gripe A, pola covid e unha mezcla das dúas. E a pregunta que nos facemos moitas galegas e moitos galegos é como, se todos os anos pasa o mesmo, non se activan os plans de continxencia e como, se todos os anos pasa igual e a gripe vén igual, non se reforzan os cadros de persoal para evitar o que vimos estas semanas. Insisto, as urxencias dos hospitais están saturadas porque, entre outras cousas, a xente non ten quen a atenda no centro de saúde e no PAC. Pero, sobre todo, o que vemos é unha atención primaria, unha base do sistema sanitario, que non se reforzou nin con máis persoal nos centros de saúde nin tampouco nos PAC. E as consecuencias están aí á vista de todas e á vista de todos.

En Cangas vimos o PAC saturado entre outras cousas porque, ademais de ter que atender a súa poboación, teñen que atender a poboación de Moaña. Porque as urxencias do PAC de Moaña levan pechadas por decisión do Partido Popular desde a pandemia da covid. En Tomiño vimos dous médicos cando tiña que haber oito para atender 14.000 habitantes. En Castro de Rei vimos que, por falta de persoal, só se atendían urxencias. En Castroverde vimos que durante máis dunha semana non había médico. En Marín había demoras de até vinte e dous días para conseguir cita porque algúns dos facultativos non estaban. Moitos días estiveron neste centro de saúde sen médico pola tarde, cando tiña que haber tres; cun pediatra cando tiña que haber catro; cun PAC cun facultativo cando tiña que haber dous. E, claro, había demoras de catro horas pola falta de persoal para ser atendidos.

No PAC de Carballo as esperas eran de catro horas porque non hai persoal suficiente; en Beade, sen médico; en Xinzo, sen pediatra; na Ribeira de Piquín e Negueira de Muñiz, con médico en días soltos —cando cadra, ao saír das urxencias, vai o que atendeu pola noite no PAC da Fonsagrada—. O PAC de Vigo tamén está sen persoal suficiente, con demoras de tres e catro horas; a Illa de Arousa, cun médico de tres; Cuntis, sen el; e Soutomaior, sen citas durante días para facer o que vostedes lle pediron á xente que fixese: vacinarse.

Podería estar así toda a mañá pero non temos tempo. O que si fixo o Partido Popular, o goberno do Partido Popular, foi receitarnos algo bastante novidoso —se mo permiten—: sentidiño, que debe ser o novo paracetamol, *y mucha agua*.

É preciso —cremos desde o BNG e por iso estamos hoxe aquí— que alguén lles explique ás galegas e aos galegos se hai alguén ao volante do Goberno deste país, porque o que estamos vendo estes días non é só a gripe, a covid ou unha combinación das dúas. Son as consecuencias, señorías, de ter a atención primaria —que é a base do sistema sanitario deste país— abaneando por falta de recursos. Porque deixar de investir en sanidade 2.000 millóns de euros ten consecuencias, non sae gratis, nin gratis nin barato. Manter os centros de saúde sen médicos, abertos a medio gas ou con persoal insuficiente tamén ten consecuencias. A xente non vai deixar de buscar atención médica cando a necesita, e acaba toda ela no hospital. Dicir que se teñen plans de continxencia —como lle oímos dicir ao conselleiro de Sanidade en funcións—, dicir que se teñen plans de continxencia pero non activalos cando a xente se amorea nos corredores das urxencias, tamén ten consecuencias. E vainos no lombo,

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na saúde, das galegas e dos galegos. Por iso o mínimo que cremos desde o BNG que merece a sociedade deste país é que alguén dea explicacións, que o Goberno da Xunta, a través do seu máximo representante —de momento—, dea a cara.

E por iso —e con isto remato— solicitamos hoxe a súa comparecencia nun pleno da Deputación Permanente. Porque estará funcións o Goberno e a medio gas —se mo permiten— esta Cámara, pero as galegas e os galegos merecen que alguén lles dea explicacións cando teñen a sanidade pública do seu país contra as cordas.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Súmome ás felicitacións de bo ano, e agardemos que sexa especialmente bo dentro de pouco.

O noso grupo vai estar a favor desta petición que se traslada. É certo que dende o 21 de decembro era previsible que tivésemos esta Deputación Permanente, como vén sendo case habitual, pero a realidade é que temos un problema nas urxencias. É un problema en urxencias, que estoupa en urxencias no sistema sanitario. Pero, aínda que estoupa en urxencias, non é un problema de urxencias. O problema é que o sistema ten graves problemas que repercuten porque precisamente por ser sistema todo se comunica. É un problema que ten que ver coa precariedade á que a atención primaria está sometida en Galicia dende hai anos. E por iso temos un problema que deriva alí.

Se vostedes coñecen a alguén que teña 65 ou 70 anos que nalgún momento teña ou tivese un problema respiratorio, o primeiro que pensa é: Imos intentar acudir ao noso médico de cabeceira. Porque iso era o natural ao principio. Pero cando un se atopa con que alguén de 70 anos quere ir ao seu médico e ten cita como mínimo para a semana seguinte —porque hai esperas de sete, dez días, doce días, sempre para a semana seguinte—, ¿que ocorre? Que a xente, con toda a naturalidade, ten certo temor e preocupación. E vai a urxencias. En urxencias ocorre que algunhas persoas poden ser atendidas e derivadas de volta para a súa casa despois de ser atendidas. Pero, como se saturan, tardan máis en ser atendidas e algunhas teñen que quedar ingresadas. Para quedar ingresadas necesitamos profesionais nos hospitais, en planta. Pero temos déficit de recursos humanos en moitas especialidades; por exemplo —e moi gravemente— en medicina interna, que son basicamente os que canalizan o principal destes ingresos. E, por tanto, non temos capacidade de ingresar persoas, que quedan en urxencias esperando vinte e catro horas ou corenta e oito horas algunhas veces. ¿Por que? Porque hai camas e hai habitacións nos hospitais pero non hai médicos para que as ingresen. E, por tanto, urxencias convértese no epicentro do problema, chegan moitísimos máis pacientes dos que deberían porque a atención primaria está saturada e saen menos pa-

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cientes dos que deberían porque non podemos ingresar, porque temos déficits no sistema hospitalario.

E é aquí onde temos o problema, este é o problema de urxencias, que estamos pagando os recortes do Partido Popular. Porque por algún lado acabaría estoupando o sistema. E, cando hai un pico da gripe, os profesionais son capaces de prever, de entender, de saber canto de virulento vai ser, e tamén son capaces de saber antes de tempo que non van dar atendido todo o que deberían e todo o que poden porque non hai recursos suficientes. E este é o problema, que os profesionais están salvándolle a cara ao sistema pola súa enorme capacidade, pero non son superheroes, non poden facer aquilo que o PP non lles deixa facer porque lles recortou todo o posible e algunhas veces algo máis.

Pero voulles dar algúns datos. Hoxe en atención primaria hai 900 profesionais sanitarios menos que no 2009 —900 menos—. Son datos oficiais da Xunta de Galicia. Seguro que escoitaremos outras cousas, que non se sabe de onde virán, pero son datos oficiais da Xunta de Galicia. Hai 900 profesionais menos. Pero contáballes que despois é difícil ingresar. Póñolles o exemplo do Hospital de Santiago. ¿Saben cantos profesionais, dos que pasaron facendo o MIR en medicina interna nos últimos quince anos no Hospital de Santiago, quedaron vinculados de maneira estable ao Hospital de Santiago? Dígolles de todos os que pasaron o MIR en quince anos. ¿Saben cantos? Cero. E este é o problema, que non temos capacidade suficiente para atender todo o ben que poderiamos atender.

Durante os últimos quince anos en Galicia puidemos formar 180 médicos de familia que Galicia renunciou a formar. Debe ser que non se entendeu que a xente cumpre un ano cada ano e que se acaba xubilando. ¡Cento oitenta profesionais! Neste último ano 2023 na especialidade de enfermaría familiar e comunitaria —as enfermeiras de atención primaria— Galicia renunciou a formar o 40 por cento das prazas —o 40 por cento do ano 2023—. Non temos máis profesionais de enfermaría nos centros de saúde porque Galicia non quere. Non podemos formar máis profesionais porque Galicia non pide máis prazas. Ten todas as que pide. Non formamos anteriormente porque en Galicia non se chegaron a formar, cos gobernos Feijóo e Rajoy —e Rueda aplaudindo—, nin sequera 100 profesionais ao ano de medicina de familia. O goberno actual do Estado —que é o que habilita o número de prazas— supera esas en máis do dobre cada ano, e non habilita máis porque Galicia non as pide.

Temos, ante o pico da gripe e a acumulación da covid —coa virulencia da gripe deste ano—, os hospitais de Galicia con camas baleiras e con xente esperando en urxencias para ser ingresada. ¿Como é posible explicalo? Temos xente esperando nos pasillos de urxencias para ser ingresada e camas baleiras na terceira ou cuarta planta do hospital. ¿Por que? Porque non hai profesionais para atender. E este é o problema, temos un déficit enorme en recursos humanos que —como todos vostedes saben e calquera pode entender— non é unha cousa que pase de onte para hoxe ou de hoxe para mañá. É unha acumulación de políticas deficitarias en termos de recursos humanos.

E este é o problema, que, se temos un déficit e ademais unha precariedade laboral, como denuncia, por exemplo, unha organización tan pouco coñecedora do sistema como o Consello Galego de Colexios Médicos —que apunta que a precariedade é o problema da falta de pro-

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fesionais nalgunhas especialidades—, pois ocorre o que ocorre: que o sistema, en canto pasa por un pico de estrés, se satura. E temos este problema precisamente porque estamos pagando eses recortes. Isto é o que ocorre e vén ocorrendo dende hai moito tempo.

Está claro que cambiar as políticas non as van cambiar. Por fortuna imos ter a oportunidade e imos cambiar o goberno, pero estamos pagando esta realidade. E, polo menos, nós tamén compartimos que o Goberno debería dar explicacións e non botarlle a culpa á xente de que vaia a urxencias cando ten unha semana ou semana e media de espera polo seu médico no centro de saúde, porque iso si que non ten sentidiño ningún. Unha persoa de 65, 70 ou 75 anos que teña un problema respiratorio, estea tusindo todo o día e non é capaz de respirar ben, que teña un obvio temor pola súa saúde, que estea preocupada pola súa saúde, queira pedir cita no seu médico no seu centro de saúde e teña como mínimo unha semana de espera, decide ir a urxencias. Non se lle pode pedir que espere e que iso sexa sentidiño, que sexa sentidiño que non fose. E, por tanto, cando temos problemas nunha parte do sistema, repercuten en todo.

Por iso nós estamos a favor desta petición que se traslada. E cremos que ademais é un problema que é máis profundo e que necesita unha reordenación de políticas moi clara. Para nós, dende logo, o que ten que ver con este problema actual que ocorre en urxencias vén explicado claramente por estar pagando esas políticas de recortes que algúns aplaudían coas orellas e que, a partir de aí, tivemos o problema de ver que ninguén era capaz de entender —ou, o peor, si eran capaces de entendelo pero decidiron seguir adiante— que hoxe estariamos nesta situación. E, por tanto, aínda que temos uns enormes profesionais e o sistema funciona e se sostén grazas a eles, temos, iso si, uns horribles dirixentes na sanidade. A pesar deles o sistema segue funcionando, pero é bo tempo de ir cambiando. Así que nós imos estar a favor, e cremos que por aí ten que ir a orientación das necesarias reformas que o sistema necesita para que isto non suceda en futuras ocasións.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, o certo é que celebramos este debate nesta Deputación Permanente porque a oposición galega solicita a comparecencia do presidente da Xunta —non presidente en funcións, señora Rodil, presidente plenamente operativo, que está dirixindo o seu Goberno [...]— *(Microcorte producido na gravación.).* Piden a súa comparecencia para que informe sobre un inexistente colapso sanitario, porque vostedes confunden —confunden interesadamente, non vaian pensar outra cousa— entre «colapso» e «sobrecarga» dun sistema. É un novo capítulo nesa obsesiva teima da oposición por facer o que mellor se lles dá, que é falar mal de Galicia e falar mal dos seus servizos públicos. E falan mal a pesar de que a evidencia científica desminta unha e outra e outra vez os seus negrísimos prognósticos.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, en primeiro lugar, a Consellería [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* periodicamente foi publicando a información sobre a prevalencia da gripe, sobre a súa incidencia nas urxencias e nos ingresos hospitalarios e sobre as medidas tomadas para o mellor control da situación —información pública que está á disposición de todos os aquí presentes—. E de todo isto, e a pouco que sexamos capaces de informarnos do que ocorre na nosa contorna, sabemos que non estamos ante unha situación específica da sanidade galega, como amosa o feito de que se convocase a todas as comunidades autónomas, ¡a todas!, a un consello interterritorial de carácter nacional para abordar unha situación [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* nacional. Esta reunión do Consello Interterritorial é certo que chega un pouco tarde —mellor tarde ca nunca, tamén hai que dicilo— porque tamén hai que dicir que durante todo este tempo non recibimos unha soa comunicación do Ministerio. E, ademais, nel amosou —por certo, teño que dicilo— unha alarmante falta de vontade de diálogo, impoñendo unha serie de medidas que non contan nin co aval dun só conselleiro dunha soa comunidade autónoma, que non contan co aval da ponencia da alerta epidemiolóxica e que non contan co aval da Comisión Nacional de Saúde Pública. Esa é a axuda que recibimos ata o [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...*, que, ao igual que a totalidade das comunidades autónomas de España, está a padecer o pico da epidemia de gripe común, que este ano ademais coincidiu cunha maior incidencia doutras, como a gripe A, a covid, etcétera.

Pero, sendo o problema común ao conxunto das comunidades autónomas, non é menos certo que a situación de Galicia é sensiblemente mellor que noutros territorios, como amosan os datos facilitados polo propio Ministerio de Sanidade. E eu creo que iso non é froito da casualidade, senón dun traballo rigoroso do Sergas e das medidas que tomou o Sergas. Eu detállolles algunhas, se queren.

En primeiro lugar, unha importante campaña de vacinación, efectivamente, que se adiantou quince días, por certo, en previsión de que se adiantase a chegada do pico da gripe e que nos permitiu abordar ese pico sendo a comunidade autónoma de toda España con mellor porcentaxe de poboación vacinada do conxunto do territorio nacional. Doulles os datos: en máis de 80 anos, o 82 por cento de persoas vacinadas; en máis de 65, o 73,5 por cento; [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* o 87,4 por cento; e en menores de 5, un 51 por cento da poboación diana vacinada.

En segundo lugar, activando os plans de continxencias nas sete áreas sanitarias para adecuar os recursos á situación sanitaria. E é que se abriron camas, ¡claro que si!, as que fixeron falta. Houbo unha apertura de 200 camas adicionais. E, se se precisan máis, máis se abrirán, por suposto. Tamén se lles olvidou dicir que hai un reforzo de 60 profesionais máis nas quendas de urxencias; e, a partir de aí, con eses recursos se atende a xente realizando a triaxe de Manchester —que creo que [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* común en todas as comunidades da nosa contorna—. E, evidentemente, xera incomodidades, polas que, ademais, pedimos desculpas. Pero non se pode alarmar a xente. Calquera persoa que chega a urxencias cunha doenza grave é atendida de inmediato, ¡de inmediato! E, evidentemente, aqueles que teñen ou presentan sintomatoloxía máis débil pois teñen que agardar porque se priorizan os que van chegando cunha sintomatoloxía de maior gravidade.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En terceiro lugar, e no ámbito da saúde pública, ampliouse tamén esa decisión [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* ata o 12 de xaneiro E tamén se indicou o uso de mascarillas en ámbitos sanitarios —dende o 30 de decembro, por certo—. Estas son cuestións importantes, entre outras cousas, porque na última semana vacinamos 9.000 galegos máis. E, segundo, si, nós recomendamos prudencia e, ademais de recomendar prudencia, tamén recomendamos o uso social da mascarilla en caso de que calquera persoa presentase síntomas que fosen compatibles cunha infección respiratoria. Non, non, sentidiño e medidas concretas.

E, por último —non o quero esquecer [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...*—, somos o primeiro goberno do mundo, ¡do mundo!, que introduciu a vacina contra o virus respiratorio sincitial, o que nos permite hoxe que teñamos en planta cero lactantes ingresados por bronquiolite. Non creo que haxa moitas comunidades que poidan dicir iso. Non, perdón, rectifico. Non creo que haxa ningunha comunidade que poida dicir iso. Somos os únicos. E vostedes preguntan que se fai en materia de prevención. ¿Parécelles pouco?

Eu creo que son diferenzas sensibles [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* en Galicia. E teño que dicir que cando gobernaban vostedes tamén se producían os picos de gripe —que tamén tiñan lugar—. Iso si, a reacción non era a mesma, porque vostedes entón culpaban os pacientes e os profesionais. Acúsanos a señora Rodil de que receitamos sentidiño. «*Rubio pide a los gallegos que solo acudan a urgencias como último recurso.*» Rubio era unha conselleira que apoiaran vostedes cos seus votos no goberno do que participaban. «[...] *(Microcorte producido na gravación.) ... de la saturación de urgencias a la actitud de los médicos.*» Oian, é que non tiña a culpa o virus da gripe nin, por suposto, o Goberno Bipartito. Non, non, non, a culpa era dos pacientes e dos médicos. E con ese aval veñen vostedes hoxe aquí presumir de xestión sanitaria. Oian, ¡parabéns, eh! Fai falta certo convencemento para vir aquí presumir disto. Eu pregúntolle, señora Rodil: ¿quen receitaba sentidiño, os que dicían que a culpa da saturación de urxencias era da actitude dos profesionais [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* ou os que dicían que os galegos ían a urxencias por nada? Nós claro que entendemos que un maior que ten angustia por ter problemas respiratorios ten que acudir a urxencias se non ten, por suposto, a posibilidade de facelo antes no seu centro. E alí será atendido. E, se a sintomatoloxía é grave, atenderase de inmediato; e, se é máis leve e hai outras prioridades, ten que agardar un pouco. ¿Xera incomodidades? Por suposto. E volvo pedir desculpas polas incomodidades. Pero dicir que non están sendo correctamente atendidos simplemente é lamentable.

[...] *(Microcorte producido na gravación.)* Vanme permitir, pero creo que non estamos ante un interese real por coñecer unha información —da que xa dispoñen—, senón por un novo intento —un máis— de politizar a sanidade e sacar rédito electoral a custa de falar mal dun dos mellores sistemas sanitarios de España e de Europa. E tamén hai un certo interese da señora Pontón por ver se é capaz de conseguir un cara a cara co presidente, ¿verdade?, sen a molesta presenza doutros candidatos aos que prefire non ter diante mentres debate.

Así que, namentres vostedes seguen pois [...] *(Microcorte producido na gravación.) ...* pública galega, pois nós seguiremos a xestionar para ter, como temos, mellores listas de espera das que presentaban vostedes; para ter, como temos, un menor número de concertos coa sanidade privada que o que tiñan vostedes; para ter, como temos, un menor gasto farmacéutico

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do que facían vostedes; e tamén para adicar máis orzamento do que adicaron vostedes nunca, máis profesionais ca vostedes, 7.000 profesionais máis —presentáronlle en sede parlamentaria un informe acreditativo e asinado por un técnico da Consellería—. [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... cada día; mellores hospitais, mellor dotación técnica ca vostedes, mellor valoración dos usuarios da sanidade da que tiveron nunca vostedes. E seguiremos pagando os profesionais, por certo, máis do que os pagaron nunca vostedes.

E quérolle recordar a algún, que fala de recortes, que lles baixaron un 5 por cento do salario ao cen por cento dos funcionarios públicos de sanidade e de calquera outro servizo —5 por cento de media, 3 por cento nalgún caso e 7 por cento aos máis altos, a media foi do5 por cento—. Así que, cando fale de recortes, señora Rodil, acórdese de que neses 2.000 millóns [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... o 5 por cento salarial menos que lles recortou o seu goberno amigo, ¿verdade?, durante todos eses anos. E, por certo, houbo unha importante redución en gasto farmacéutico. Iso non son recortes. Chámase xestión, algo que vostedes non coñecen nunca.

Namentres, seguiremos a isto, e vostedes, se poden, boten unha man cumprindo os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde que se tomaron en 2018, eses que o meu interlocutor, o señor Torrado, di que non existen. É cojonudo. Non, pero non se preocupe, non se preocupe [...] *(Microcorte producido na gravación.)* Hoxe [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... hei facilitarlle a copia. ¡Si, si!, baixada... ¿Non sei se quere que lla dea en man? Se quere, tramítollela a través de redes, que sei que lles gusta moito. Fálase de «*priorizar a revisión de requisitos de acreditación de centros y unidades docentes, del aumento de las plazas, incentivar la permanencia en el puesto de trabajo...*». En fin, o que non existía, señor Torrado.

Evidentemente votaremos que non, en contra desta solicitude.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo propoñente, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil por un tempo de cinco minutos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Antes de máis, agradézolle o voto favorable ao Partido Socialista para que se poida suscitar esta solicitude de comparecencia do presidente da Xunta de Galiza.

E ao Partido Popular, pois nada, señor Pazos, á xente que estivo doce horas esperando no pasillo dun hospital, pois dígolle...—¿que foi o que dixo literalmente?—, dígolle que estamos sensiblemente mellor ca outros e que hai quince anos tamén había gripe. E ao que está catro horas esperando nun PAC porque non hai médicos para atendelo e ten que acabar indo ás urxencias dos hospitais porque tampouco ten médico no centro de saúde, eu dígolle... —¿que foi o que me dixo?—, dígolle que non hai colapso, que é sobrecarga *y unha cierta incomodidad*, e que, iso, que hai catorce anos tamén había gripe e outro goberno. Eu, de verdade, diría que lamento a súa posición, pero, por moito que non a comparta, tampouco me sorprende.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes xa o fixeron publicamente e volveu vostede repetilo agora —o argumentario do Partido Popular—. Di que nós atacamos a sanidade pública, que o BNG fala mal da sanidade pública deste país. E, claro, a xente non é parva. Quero dicir que non é que eu lle vaia dicindo por aí á xente que non hai persoal no seu centro de saúde, que faltan médicos no seu PAC ou que non hai xente suficiente para atendelos no seu hospital. É que a xente o vive directamente e por iso está de uñas, por iso a xente está cansa e farta.

Eu, agora mesmo, ¡eh!, agora mesmo, se na aplicación do Sergas —cadaquén que mire a súa, que aquí hai unha diversidade bastante ampla da realidade social e territorial de Galiza— tivese que pedir unha consulta coa miña médica de cabeceira, non me dan cita ata o 17 de xaneiro. ¡Agora, eh! E, se a miña filla de catro meses se pon mala hoxe, non ten unha cita coa súa pediatra ata o 16 de xaneiro, ¡unha semana! E vivo en Lugo, ¡eh!, no centro da cidade, no centro de Lugo.

Hai catorce anos —dicía o señor Pazos— estabamos peor, e nunca tan ben estivo a sanidade pública, nunca tanto se investiu en sanidade pública, nunca tanto médico houbo na sanidade pública. Pois eu nunca tiven que agardar unha semana para que me vise o meu médico de cabeceira, ¡eh! E no meu caso é unha semana. Aquí seguro que hai xente que, se colle a aplicación do Sergas, tarda quince días en que os vexa alguén.

E iso non é algo que llelo diga eu. A xente non se mobiliza diante do seu centro de saúde pedindo médico porque sexa un deporte nacional, senón porque está farta, farta de ver como os recortes durante catorce anos na sanidade pública os deixaron sen persoal sanitario, sen médico. Eu digo unha semana para que vexa a miña filla o seu pediatra nun centro de saúde de Lugo. Pero collan unha persoa de Ribeira de Piquín, da Pastoriza, de Riotorto, que teñen que ir a Meira porque nos seus centros de saúde xa nunca houbo pediatra. E como non hai pediatra no seu centro de saúde teñen que acabar indo aos hospitais a que os atenda un pediatra pola vía de urxencia. A xente non fai quilómetros para ir a un hospital —que non o ten, como o centro de saúde, ao pé da casa— por deporte nacional. Pero, nada, dirémoslle que hai catorce anos tamén había gripe e que nunca tanto médico tivemos. Pero nunca tanta lista de espera tivemos que facer para que nos atendese un.

Eu remato cunha cuestión. Dísenos que creamos alarma. ¿Saben que é o que crea a alarma de verdade? ¿Saben que é o que fala mal da sanidade pública deste país —non da sanidade nin dos seus profesionais, senón de quen ten a responsabilidade de xestionala e de gobernar este país—? Ter a xente nos pasillos durante horas nos hospitais. Iso si que crea alarma. Pero alármanse sós, ¡eh! Non fai falta que os alarme naide. ¿Saben que é o que crea alarma, señor Pazos, señorías do Partido Popular, e o que fala mal de quen xestiona e goberna este país e a sanidade pública? Ter centros de saúde sen médicos, colas de catro horas nos PAC para que os atendan e que non che quede outra que coller o coche e ir a un hospital para ver a alguén. ¿Saben que é o que de verdade crea alarma? Ter que levar a túa filla a quilómetros a un hospital porque o 60 por cento dos concellos deste país non teñen pediatra. Pero nunca tantos médicos tivemos.

Señorías do Partido Popular, que vexo que se remexen... ¡Claro!, a min tamén me incomoda, a min tamén me fastidia. E o que está sen médico imaxinen como está. A saúde dos galegos

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e das galegas, señorías, non se garante receitando —volveumo dicir— sentidiño, *y mantita y caldo*. A sanidade deféndese garantindo recursos públicos e, sobre todo, persoal nos centros de saúde, nos PAC e nos hospitais. ¿Díxonos 60 persoas máis nas urxencias ¡de todo o país!? ¿Ese é o gran plan de continxencia do Partido Popular para un pico da gripe que nos din que encima —insisto— veu mal dada pola gripe A, pola covid e todo xunto?

Insisto, hai un persoal sanitario contra as cordas, asfixiado polas condicións nas que teñen que traballar pola falta de recursos nos centros de saúde, nos PAC e nos hospitais. E ese persoal non quere que lle deamos palmadas nas costas, o que quere é poder traballar nunhas condicións dignas para poder atender coa mesma dignidade e a mesma calidade as persoas que chegan pola porta do seu centro de traballo.

Hoxe o que nos quedan claras —polo menos, ao Bloque Nacionalista Galego— son dúas cousas —que lles importan pouco ou nada—. Insisto: *que es unha incomodidad y que había gripe hace quince años.* Pero, sobre todo, o que nos queda claro é que ao volante deste país *¡no hay nadie!* E agora veremos, ¡eh!, que o debate segue, o debate segue, e que queda aínda máis claro que non hai naide ao volante deste país.

Eu só espero de verdade que esa indignación que hai —que a vemos todos os días nos centros de saúde, nos PAC e nos hospitais— se transforme en realidade nun cambio. Porque isto non é unha cuestión de que todo o mundo estea mal, de que as cousas vaian mal no resto do Estado e que con iso xa nos conformemos. O que necesitamos é alguén que, para apostar pola sanidade pública deste país, non receite sentidiño e que o que poña son medidas, recursos e persoal nos centros de saúde.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Continuamos co segundo punto.

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da actuación da Xunta diante da traxedia medioambiental provocada pola vertedura de *pellets* de plástico na costa galega, así como das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto

O señor PRESIDENTE: Para formular esta petición ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Dicía o señor Pazos agora nesta súa intervención que o presidente da Xunta está operativo e está a tomar decisións. E lembrábame aquela famosísima, ¿verdade?, frase do señor «Eme

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

punto» Rajoy, que dixo nunha ocasión: «A veces a mellor decisión é non tomar ningunha decisión e iso tamén é unha decisión». E, efectivamente, este é o ditado, o libro, o manual que vén seguindo o señor presidente da Xunta —cando menos, neste tema que agora queremos plantexarlle—.

Neste país, nun país con máis de 1.500 quilómetros de costa, coa frota máis importante de todo o Estado español —e unha das máis importantes de Europa—, cun sector miticultor e marisqueiro que emprega miles, ¡miles de persoas! de xeito directo e indirecto, pois resulta que desde o 13 de decembro este presidente que toma decisións estivo absolutamente desaparecido ata o 4 de xaneiro.

Dende o 13 de decembro, os concellos costeiros que se tiveron que enfrontar ao problema que xa todos hoxe coñecemos —esa marea plástica que chegou ás súas praias—, reciben a primeira —a primeira e case a única— comunicación da Xunta de Galiza vinte e tres días despois. Nin sequera a reciben todos os concellos costeiros, só a reciben algúns. Descoñecemos o criterio que utilizou a Xunta para mandarlles a comunicación a uns si e a outros non; como os pementos de Padrón, ¿non?, uns pican e outros non —pois o presidente da Xunta tamén—.

Ben, é unha comunicación, a do conselleiro do Mar, que non a vou cualificar —xa se cualifica ela soa—, pero que afirma —é textual— que notificaron os feitos o 21 de decembro, ¡o 21 de decembro!, a Dirección Xeral de Costas e a Delegación do Goberno. É unha comunicación na que se recoñece —textual tamén— que nas últimas semanas —está falando o 4 de xaneiro— foron recibidos varios avisos relacionados coa aparición deste material en diversos puntos da costa galega, unha comunicación na que di o señor conselleiro: «Rogamos a colaboración da Administración local». Sen ningún tipo de pudor e sen ter en conta que esa colaboración, cando llela rogaba, cando llela pregaba aos concellos, aínda non a ofrecera a Consellería nin a Xunta, e aínda no día de hoxe tampouco a ofrece. E, por último, nesa desafortunadísima comunicación aos concellos o conselleiro lémbralles —por se acaso se lles esqueceran aos concellos— as competencias que ten a Administración local na limpeza dos areais, coma se ata ese momento, durante todos eses días, resulta que non limpasen, non recollesen e non realizasen os concellos esa limpeza.

Ben, todo isto pasou así durante vinte e tres días —nos que, insisto, o Goberno estivo desaparecido—. E non é ata o día 6 de xaneiro —non sabemos se o Día de Reis tiña algunha connotación, ¿verdade?, para darlles este agasallo aos galegos e as galegas— cando a Xunta de Galiza activa o plan territorial de continxencias. Iso si, ¡non nos vaiamos pasar! Faino no seu nivel mínimo, no nivel 1, malia que nese momento, o 6 de xaneiro, xa se cumprían non só algún dos requisitos —como establece a lei—, senón os tres requisitos que contempla a lexislación para decretar precisamente o nivel 2.

Nós, desde logo, non imos reproducir aquí —moitas son, de verdade, irreproducíbeis— nin todas as inexactitudes nin todas as mentiras que levan dito publicamente os distintos responsábeis da Xunta de Galiza dende o 4 de xaneiro. O caso é que todas esas declaracións, unhas e mais outras, precisamente por seren mentira, contradinse entre si. E por isto nós cremos que é necesario que compareza neste órgano o máximo responsábel do Goberno ga-

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lego para ver se, efectivamente, nos dá aclarado con claridade —valla a redundancia— que xestións se levaron a cabo, pero, sobre todo, que xestión se vai levar a cabo a partir de agora.

Miren, señorías, nós dicimos con claridade que nin o Goberno galego nin tampouco o Goberno central son responsábeis de que haxa unha marea plástica. Non son responsábeis ningún dos dous gobernos. Agora ben, o Goberno galego é absolutamente responsábel da xestión desta catástrofe e o Goberno central é absolutamente responsábel de, tendo coñecemento dos feitos, non ter actuado no mar, que é a súa competencia.

E o presidente deste Goberno galego aspira, ademais, a seguir sendo presidente de todos os galegos e as galegas. E, polo tanto, nós entendemos que ten que dar explicacións sobre este tema urxentemente. Cremos que é o mínimo que se lle pode pedir nesta situación. E, entre outras cousas, entendemos que debe explicar, por exemplo, por que aínda hoxe os concellos seguen absolutamente abandonados á súa sorte, sen máis medios de limpeza que os propios e sen sequera saber o que teñen que facer exactamente cos residuos que están recollendo —que os están almacenando en naves municipais ou por onde poden, porque non saben como os teñen que tratar nin a quen llos teñen que mandar—.

O presidente da Xunta debe comparecer para explicar a que se refería onte mesmo, ¡onte mesmo!, cando dicía que —é textual— «a Xunta e os concellos colaboran para eliminar todos os plásticos das nosas praias», cando a Xunta —insisto— nin colaborou, ¡nin colaborou! —vinte e tres días desaparecida—, nin colabora no día de hoxe, nada máis que coa comunicación famosa do conselleiro do Mar.

O presidente do Goberno debe comparecer neste órgano para explicar por que tamén onte, no día de onte, manifestou —entrecomillado outra vez— «limparemos tanto como sexa necesario ou o tempo que faga falta». Claro, resulta que desde o 4 ao 8 de xaneiro só levaron ás praias —a algunhas— unha especie de «brigadas Guadiana» que aparecían alí cando aparecían as cámaras da TVG e que desaparecían inmediatamente despois de que as cámaras da TVG se retiraban.

Neste sentido, tamén é importante que o presidente do Goberno nos diga se considera que 200 efectivos que di a Xunta que ten nas praias —e 100 máis que anunciou— son suficientes para un país que agora mesmo está cheo de *pellets* desde A Guarda ata Ribadeo —non, efectivamente, en todos os sitios coa mesma intensidade, pero hai desde A Guarda ata Ribadeo—. Ou, por exemplo, ten que dicir se considera correcto publicitar —*en los medios de comunicación,* iso si— que vai enviar persoal de limpeza a 12 concellos, nomeados un por un nos medios de comunicación, sen que os concellos saiban absolutamente nada disto e sen coordinarse con eles —porque ao mellor os concellos xa teñen persoal de limpeza na praia á que vai ir tamén o persoal da Xunta—.

E tamén debe comparecer para explicar algo que tamén dicía onte —e outra vez abrimos comillas—: «É imprescindible deter os sacos de *pellets* no mar para que non cheguen á terra». Claro, non o entendemos moi ben, porque isto dío onte o presidente da Xunta, pero o conselleiro do Mar previamente dicía —textualmente—: «Debido ás súas características, non resulta posible a retirada destes residuos no mar, xa que non se atopan na superficie,

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

polo que estes labores deben ser acometidos unha vez que alcancen a costa». ¡A ver, aclarémonos!, ¿no mar, como di o señor presidente, ou ao revés, como di o señor conselleiro? Está escrito, todo isto está escrito.

E cremos tamén que debe comparecer aquí porque o señor presidente da Xunta manifestaba onte —é textual outra vez—: «É imperativo que o Goberno de España se implique agora». Isto dicíao o señor presidente ás tres da tarde. E catro horas máis tarde, despois da reunión do Plan Camgal —ao que asistiu precisamente o propio presidente da Xunta—, a súa vicepresidenta segunda afirma: «Non precisamos medios nin axudas do Estado para retirar os residuos plásticos». Acabemos, ¿é o que di o señor presidente Rueda ou é o que di a señora vicepresidenta segunda?

Tamén cremos que ten que comparecer aquí porque, claro, cando manifestou o 7 e o 8 de xaneiro repetidas veces que non ía subir o nivel de alarma, atopámonos con que ao día seguinte, o día 9 —despois, curiosamente, de que a comunidade autónoma veciña o activase—, sobe efectivamente ao nivel 2 nese momento, despois de insistir ata a saciedade en que non o ía facer.

E tamén merece aclaración —baixo o noso punto de vista— o feito, precisamente, de que se eleve o nivel de alarma ao 2 para que por fin —este é o obxectivo dese nivel— poidan intervir os medios estatais e que a Xunta de Galiza aínda hoxe, hoxe pola mañá, antes de comezar esta reunión, non remitise á Delegación do Goberno a lista detallada de todos os medios que necesita. Iso si, escoitamos á señora vicepresidenta segunda dicir onte: «Todos os barcos, todos os helicópteros e incluso un submarino».

Tamén cremos que debe explicar por que afirma o presidente da Xunta publicamente que deciden subir o nivel de alarma e por que di textualmente: «Estamos seguros de que se isto fose noutra comunidade autónoma» —di o presidente—, «Cataluña, por exemplo, non estarían con estes requisitos». Isto é absolutamente vergoñento e é absolutamente impúdico. Porque ¿que quere dicir con isto o presidente? ¿É que o presidente da Xunta a estas alturas, despois de levar toda a súa vida na Administración, nun cargo ou noutro, descoñece aínda que hai unha lexislación básica para todo o Estado, ¡para todo o Estado!, e Cataluña incluída, e que son as comunidades autónomas as que complementan con lexislación adicional? ¿É que o descoñece o presidente da Xunta? Claro, porque non hai un trato desigual entre as comunidades, hai unha lexislación básica para todo o mundo. *(Murmurios.)* Señor presidente, se me interrompen, de verdade, perdo o fío e logo pode haber malos entendidos.

Entón, claro, que o aclare o señor presidente. ¿Que quere dicir con esa insinuación absolutamente insidiosa?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Ao mellor —e vou rematando, presidente— resulta que o que queren, ¿verdade?, é vingarse agora desa loita e dese confronto que tiveron a raíz do tema da Lei do litoral e que non vai a ningún sitio porque á Xunta lle interesa moito seguir nesa estratexia.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nos rematamos. Cremos que por todas estas razóns, e por moitísimas máis, debe comparecer aquí non outra persoa que non sexa o presidente da Xunta; e tamén para aclarar —aclarar, porque isto tamén é o que está introducindo o propio presidente da Xunta e distintos cargos non só do Goberno senón tamén do Partido Popular— cal é a alarma que se está creando.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E remato presidente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Creo que é importante facer, en primeiro lugar, unha cronoloxía básica dos feitos.

O día 13 de decembro, o Servizo de Emerxencias 112 da Xunta alerta a Salvamento Marítimo da aparición dun saco de *pellets* na costa. Desde ese momento a Xunta é coñecedora da situación, xa que, evidentemente, o 112 é un servizo que depende da Vicepresidencia Primeira. Esa primeira aparición prodúcese na praia do Espiñeirido, en Ribeira.

O día 20 de decembro, Salvamento Marítimo, de Fisterra, conclúe que o buque *Toconao* é o responsable da chegada de *pellets* ás costas galegas, e seguidamente Salvamento Marítimo informa o subdirector do Servizo de Gardacostas —organismo dependente da Consellería do Mar— do problema. É a segunda ocasión en que a Xunta de Galicia ten coñecemento da situación. E en ningún destes momentos a Xunta activa o Plan Camgal en ningún dos seus niveis.

A tarde do 20 de decembro a navieira propietaria do buque notifica que o *Toconao* perdera seis contedores fronte a Viana do Castelo e que un deses contedores contiña eses famosos *pellets* plásticos dos que estamos a falar. E desde ese momento os armadores póñense á disposición das autoridades competentes para coordinar as actuacións necesarias e afirman que se farán cargo da limpeza e recollida do material.

O día 21 de decembro, a Demarcación de Costas do Goberno traslada aos concellos que se están vendo afectados toda a información para que se poñan en contacto coa empresa e esta asuma os custos de limpeza. Ese mesmo día, o día 21 de decembro, o presidente en funcións —que é un tecnicismo, señor Pazos— convoca eleccións autonómicas para o día 18 de febreiro. E este é un elemento absolutamente clave do que ocorre a continuación.

Do día 21 ao 26 de decembro, Salvamento Marítimo continúa cos seus labores de busca en alta mar, pero non detecta nada porque, efectivamente, é un material moi difícil de atopar na auga.

O día 26 de decembro, o Servizo de Protección Civil da Delegación do Goberno detecta a chegada de *pellets* ao parque natural de Corrubedo, dependente da Consellería de Medio Am-

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

biente, e facilitan toda esta información á empresa do buque —para que teñamos ben claro que esta é a terceira ocasión na que a Xunta de Galicia coñece o asunto e non activa o Plan Camgal—.

O día 27 de decembro, a Consellería de Medio Ambiente ponse en contacto coa Delegación do Goberno en Galicia para concretar e ampliar información ao respecto —cuarta vez que a Xunta de Galicia é coñecedora do que está a suceder e segue sen activar o Plan Camgal—.

O 5 de xaneiro, despois de pasar vinte e un días, tres semanas, a Xunta activa a fase de emerxencia no nivel mínimo, o nivel 1. E nese mesmo día o delegado do Goberno de España mantén conversas co conselleiro do Mar para coordinar a información e as posibles actuacións necesarias.

O día 7 de xaneiro, a vicepresidenta Teresa Ribera chama persoalmente ao presidente en funcións da Xunta de Galicia para trasladarlle a colaboración e a axuda necesaria para facer fronte á chegada destes *pellets*. Pero, claro, para recibir esa axuda —como se acaba de dicir claramente—, por cumprimento da normativa estatal básica e a normativa autonómica, é necesario que a Xunta de Galicia active o nivel 2 de alerta.

Ao día seguinte, o Principado de Asturias, moitísimo menos afectado, evidentemente, que a Comunidade Autónoma de Galicia, decide activar o nivel 2 de alerta do seu plan equivalente —o Placampa— para permitir que o Goberno do Estado poida prestar a axuda necesaria. Logo de varios días negando a necesidade de elevar o nivel de alerta ao 2, a Xunta rectifica e anuncia a subida do nivel de alerta. Así pois, o día 9 de xaneiro, antonte, a Xunta de Galicia eleva ese nivel ao 2 e informa á Delegación do Goberno sobre o dito feito.

E aquí empeza a producirse un verdadeiro carrusel de incompetencias, de incongruencias e de espantosos ridículos por parte da Administración responsable desta Comunidade Autónoma.

O día 10 de xaneiro, onte, a Consellería de Medio Ambiente fai unha entrevista nunha cadea radiofónica pola mañá e afirma que mantén a súa posición e asegura que a Xunta de Galicia non vai pedir axuda ao Goberno. Ese mesmo día, pola tarde, a Xunta de Galicia pide a intervención da Armada Invencible e parte da frota estelar de *Star Wars*. *(Risos.)* Señoras e señores deputados, logo de dicir pola mañá que non se necesitaba nada, pola tarde pídense 11 embarcacións, 1 avión e 2 helicópteros; ou sexa, veñan con todo, que imos en disposición de invadir non sei se algunha illa do Atlántico norte ou de conter algo que parece moi difícil facer en alta mar.

Aquí hai unha clara neglixencia por parte da Xunta de Galicia. Este grupo parlamentario ten repetido ata a saciedade que non responsabiliza, nin de lonxe, a Xunta de Galicia pola perda deses contedores fronte a Viana do Castelo, ¡só faltaría, evidentemente! Pero polo que si responsabilizamos a Xunta de Galicia é pola inacción, por unha xestión incompetente, unha xestión neglixente e por un atraso deliberado na adopción de medidas que terían permitido que a estas alturas non estivésemos nesta situación. ¿Por que? Dicíao antes: porque hai unha convocatoria de eleccións autonómicas e, evidentemente, o que interesa é manter a estra-

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

texia permanente de confrontación co Goberno central, a mesma estratexia de sempre. Hai un Goberno central que ofrece axuda pero que necesita da activación do nivel 2 por parte da comunidade autónoma para poder actuar e hai un Goberno da Xunta de Galicia que tenta permanentemente ocultar o problema ata onde é posible. E, cando xa non é posible esa ocultación, trata de minimizar o impacto público que ten a situación e, de paso, botarlles unha parte de culpa aos concellos —que agora resulta que se descubriu ese mesmo día que tamén teñen competencias na limpeza das praias—.

Miren, a situación de ridículo é tan espantosa que xa toma cariz internacional. A prensa internacional de hoxe faise eco da situación con críticas directas ao comportamento do Goberno da Xunta e tamén polos intereses electorais do señor Núñez Feijóo como argumento para explicar a tardanza por parte da Xunta de Galicia en actuar. Di *Le Monde* —que non debe ser un aparato publicitario do Partido Socialista de Galicia— que a Xunta de Galicia está máis preocupada por non alarmar a poboación a un mes das eleccións autonómicas que de asegurar que esa situación estea controlada. E podería seguir con toda a repercusión internacional que está tendo no día de hoxe, e que as súas señorías poden consultar igual que o fixen eu.

Aquí, señoras e señores deputados, hai responsabilidades políticas que hai que aclarar. Van vostedes —e falo do Goberno da Xunta de Galicia, evidentemente amparado polo Grupo Parlamentario Popular— de contradición en contradición. ¿Como é posible que no mesmo día unha conselleira afirme que non se vai solicitar a axuda do Goberno central con material de apoio e que o mesmo día pola tarde se solicite a intervención con todo tipo de medios dispoñibles? Van vostedes de bandazo en bandazo, negando o que é a todas luces un problema grave, un problema grave do que, insisto, non se responsabiliza en orixe á Xunta de Galicia —e cando digo «en orixe» falo da perder eses contedores—, pero si da xestión, ao longo destas catro semanas practicamente, de todo o problema. Van vostedes de ocultación en ocultación. É a mesma estratexia de sempre. E, polo tanto, evidentemente, consideramos que quen debe dar explicacións neste Parlamento —como se solicita nesta iniciativa— é o presidente en funcións da Xunta de Galicia. Porque estar en funcións non significa estar de baixa. Estar en funcións significa que hai que adoptar as medidas de xestión necesarias para o mantemento da acción do Goberno. E evidentemente creo que non fai falta ser particularmente sagaz nin brillante para concluír que este é un asunto no que a participación da Xunta de Galicia e do seu presidente sería un elemento clave de transparencia mínima e de seriedade democrática que esas explicacións se desen neste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Xa que temos un segundo debate, intentarei ser breve. Pero, en primeiro lugar, eu creo que temos que conceptualizar unhas cuestións básicas. Os gobernos están en funcións ao día seguinte da celebración das eleccións; namentres, están plenamente operativos. Creo que é bo que entendamos os conceptos; porque, se non, non entendemos

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cales son as responsabilidades de cadaquén. Entón, claro, se temos esa confusión, entendo tamén a confusión respecto á responsabilidade dos concellos, que igual non o sabía vostede pero levan unhas cantas décadas sendo os encargados de limpar as praias de Galicia. Dígoo [...] *(Microcorte producido na gravación.)*, ... que son os encargados da limpeza.

Mire, o que estamos a sufrir en Galicia é unha marea de toxicidade informativa sen precedentes, ¡sen precedentes! Eu escoitei hoxe aquí algunha cousa que é digna de ser tida en conta. «Temos un país cheo de *pellets* desde A Guarda ata Ribadeo» — esas foron as súas palabras textuais—. Isto non é demagoxia, non, non, por suposto; isto non é xerar alarma, non é mentirlle á xente, e isto, por suposto, non é desprestixiar a Galicia. Dicíame un compañeiro que na Guarda recolleron onte 20 *bolitas*. ¡Un país cheo, eh! [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... 20 *bolitas*. ¡É de broma isto! ¡Isto é de broma!

Miren, en segundo lugar, falaban vostedes da comunicación do conselleiro. O conselleiro trasladou —canto antes, por certo— a información que lle trasladou o Ministerio, ¡por Deus!, ¡o Ministerio! E non a trasladou antes porque antes da data non recibira ningunha, señoría. Evidentemente, trasládaa, outra cousa é que despois se comparta ou non se comparta cando se fan as averiguacións propias. Pero foi información facilitada polo Ministerio. Trasladouse tarde, entre outras cousas, porque non dispoñiamos antes dela, cuestión que a vostede [...] *(Microcorte producido na gravación.).*

E, a partir de aí, vostedes van ao relato de repartir responsabilidades, ¿verdade? No caso do PSOE, todas para a Xunta, que ten que protexer os seus intereses; e no caso do BNG, a repartilas — e non equitativamente, por suposto que non—.

Di vostede que o Goberno de España non actuou no mar. É certo, non actuou no mar. E segue sen actuar no mar. Di vostede que non lle pasaron a lista de peticións. ¡Pero se se acaban vostedes de rir delas! ¡Como que non lla pasaron! O que non poden dicir é que as descoñecen e ao mesmo tempo burlarse desa lista [...] *(Microcorte producido na gravación.).* O Goberno de España non actuou, non actúa e, o que é máis grave, non informou para permitir que outros actuasen.

Vostede di que a Xunta non actuou. Claro que actuou. Agora, actuou en función da información que recibiu, por suposto. ¡Faltaría máis! É que di vostede que «¡como tardaron en activar a alarma!». E eu aquí quero dicilo, porque fixeron vostedes un relato confuso e interesado desa cronoloxía [...] *(Microcorte producido na gravación.).* En primeiro lugar, porque o señor Álvarez —por suposto, co silencio do BNG sempre— di que se informou ao 112. Non, un particular, ¡un particular chamou ao 112 dicindo «aquí hai uns sacos»! Eu non sei se vostede foi concelleiro nalgunha ocasión nun municipio costeiro. Eu si, ¡eh! E é bastante habitual. Chámase ao 112: «¡Oe, atopamos uns pneumáticos!». E o 112 di: «Bueno, procédase á súa retirada».

Se se atopan pneumáticos nun punto da costa, ¿temos que supoñer que se afundiu un contedor [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ...? ¿Temos que supoñelo? «E a Xunta está advertida» —di vostede—. ¡É tremendo! «E días despois» —dixo vostede—, «o 20 de decembro, o Goberno luso informou e trasladámoslle a información á Xunta». Voulle ler li-

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teralmente, literalmente, a información que trasladaron vostedes á Xunta despois de que o Goberno luso lles comunicara fehacientemente —quince días despois, por certo— que era o que pasara con aquel buque e cos contedores. «*Buenas tardes*» —amabilidade ante todo—, «*muy probable portacontenedores que perdió seis través de Viana el 8. Estamos en contacto con el*». ¡Un *whatsapp*, eh! ¡Tremendo! Están dicindo vostedes que é gravísimo o que está acontecendo. ¡Que gravidade ten o feito! Mandaron un *whatsapp* que llelo leo de novo: «*Buenas tardes*, *muy probable portacontenedores que perdió seis través de Viana el 8. Estamos en contacto con el*». ¡Estamos en contacto con el!

E, logo, ¿que foi o seguinte que lles esqueceu? Esqueceulles comunicar que se puxera en contacto co Goberno o [...] *(Microcorte producido na gravación.)*, informando da carga, informando dos riscos, ofrecendo soporte técnico e comprometéndose a facerse cargo dos gastos. ¡Esqueceulles! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Acaba de dicir que lles esqueceu? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si que ofreceu. ¿Sabe a quen llelo comunicaron? ¿Sabe a quen llelo comunicaron? Non. Eu si o escoitei. Paréceme que vostede non. Comunicáronllelo a dous concellos e esqueceulles comunicalo á Xunta [...] *(Microcorte producido na gravación.).*

Espere que llo repito despacio, porque despois igual non se me entende [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... o armador, que puña medios técnicos e que asumía os gastos, e vostedes comunicáronllelo a dous concellos e ocultáronllelo durante dúas semanas á Xunta de Galicia. Si, entendo o xesto, señor Álvarez, entendo o xesto.

E despois dinnos que por que tardamos en activar o nivel 2 do Plan Camgal. Porque houbo que activalo si ou si. É curioso, están falando doutras comunidades, do que din noutras comunidades. ¿Por que están apoiando en Canarias agora mesmo? En Canarias ¿está declarado algún nivel de alarma? ¡É que é fantástico, é unha cousa marabillosa! ¡Pero saian á calle e díganlles isto aos galegos, home! Pero ¿de verdade que me están vostedes contando aquí, en sede parlamentaria, que é necesario que unha comunidade autónoma determine un determinado nivel nun plan para que o Estado exerza as súas competencias en alta mar? ¡Vostedes estanse rindo dos galegos! ¡Vostedes estanse rindo dos galegos! E di a señora Pérez que non actuou en alta mar, nin actuou [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... Señora Pérez, agora debe ser tamén por descoñecemento. Será que non llo dixo a Xunta. ¡É unha broma todo isto, eh!, ¡é unha broma todo isto!

E vostedes din que imos atrasados porque tivemos coñecemento a través dun particular de que había un vertido nunha praia. Se temos que activar o Camgal cada vez que detecta un particular un vertido na praia, Galicia vive en permanente estado de alarma. É diario, recíbense centos e centos e centos de chamadas desa natureza, e xamais se activou o Camgal [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ¡É unha cousa, de verdade, alucinante! Hai máis de 400 chamadas deste tipo ao ano e vostedes queren que actúe o Camgal. ¡É de broma, é de broma!

Mire, dígolle de verdade, señora Pérez, que eu nunca lle escoitei dicir a Mariano Rajoy aquilo de que o mellor é non facer nada. Non llo escoitei. É posible que o señor Sánchez, si. Pero

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mire que andaban algúns contando iso por aí como conto. Era un chiste, ¡eh!, era un chiste, non unha recomendación de como xestionar dende o Goberno de España unha situación coma esta [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... hoxe e en datas sucesivas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Polo grupo parlamentario propoñente, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Pazos, nós desde logo non lle imos entrar, de verdade, non lle imos entrar absolutamente na súa intervención, porque é, de verdade, absolutamente esperpéntica, ¡esperpéntica! Ou non fiou ben para —digamos— ter certa coherencia no discurso ou de verdade que está un pouco despistado.

Vostede empezou falando de toxicidade informativa. Non sabemos se tamén nesta ocasión, nesta outra vez como en tantas outras, queren vostedes cargarse o mensaxeiro para que, efectivamente, xa definitivamente non se entere ninguén do que está a pasar máis —este é un pequeno detalle que se lle esquece—que a xente que está coas súas propias mans —centos de persoas— recollendo, como di vostede, *boliñas de plástico*. Este é exactamente o mesmo discurso daquel ínclito conselleiro do Partido Popular que dicía pola televisión que «tranquilos, galegos, que non hai chapapote» cando os propios galegos estaban recollendo o chapapote coas súas mans. E este é exactamente o mesmo discurso. Non hai boliñas, como di o señor Pazos.

E, claro, o que xa é o colmo —e realmente isto si que é rirse dos galegos e das galegas— é dicirnos aquí, en sede parlamentaria, que hai máis de 400 chamadas ao ano dicindo que hai non sei que en non sei onde. ¡Oia!, mire, mire, eu xa non quixen entrar nisto porque crin que estaba..., en fin, que estaba aclarado. Pero vexo que vostedes persisten ¡eh! Son persistentes. Claro, supoño que haberá 400 chamadas para dicir non se sabe que, pero seguramente non haberá nin 400, nin 40, nin 4 chamadas nas que digan: Oia, son fulanito de tal, un señor que acaba de atopar en tal praia de Corrubedo, no concello de Ribeira, nada máis e nada menos que 58 sacos deste material, que non sei o que é, e que eu mesmo os acabo de trasladar desde a beira do mar —para que non os desfaga o mar— ata arriba de todo e que non se desperdigue.

Pero, claro, ¡estas son 400 chamadas que se fan todos os días, todos os días! Mañá imos chamar todos e dicir que hai 58 [...] *(Microcorte producido na gravación.)* No meu caso, na praia da Lombiña, por exemplo. Claro, pero non só imos chamar ao 112. Imos facer como este señor de Corrubedo, este dos 58 sacos. Imos chamar ao 112, imos chamar á Policía Autonómica, que di que *no sabe nada*, imos chamar ao persoal de Medio Ambiente, imos chamar ao persoal do parque natural de Corrubedo e imos seguir chamando non se sabe a quen ata que alguén —como dicía a miña compañeira antes— se poña ao volante e diga: Son o goberno deste país e tranquilo que me vou facer cargo deste problema —que, por certo, é competencia do Goberno galego, non do veciño de Corrubedo nin de ningún outro veciño—. Isto respecto das 400 chamadas ao ano deste tipo de señor que sobe 58 sacos e que chama ao 112, á Policía

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Autonómica e a non sei cantos sitios máis. Pero é que, ademais desas 400 chamadas que se producen así, deste tipo, resulta que temos todos os días concellos como o Concello de Ribeira, o primeiro concello onde chega todo este material, por desgraza, que ao día seguinte, o día 14, se pon en contacto coa Consellería de Medio Ambiente, da Xunta de Galiza. «¡Ah!, oia, faga vostede como poida. Vostede záfese como vaia podendo.» Ata que —xa o dixen antes— o día 4 estoupa todo, absolutamente todo, mediaticamente. E aí si, aí reapareceu, volveu das súas vacacións do Nadal, o señor presidente da Xunta de Galiza, que estaba operativo e tomaba decisións. E agora ¡vaia se toma de decisións! Tantas decisións toma que as toma el, que as toma a conselleira de Medio Ambiente e o conselleiro do Mar —ao cal, por certo, de verdade, e isto si que é unha suxestión con todo cariño, explíquenlle un pouco algunhas cousas, porque de verdade que oír determinadas cousas realmente ruboriza a calquera persoa—.

Entón, nós non lle imos entrar no seu relato. Vostedes persisten. O señor López Veiga tamén persistía, o señor aquel que era delegado do Goberno, de Ferrol, e o señor Sors, etcétera. Entón, nós o que entendemos é, señor Pazos, que non teñen vostedes para onde ir, non teñen. E como non teñen para onde ir porque non hai ningún fío que ate ese relato que están vostedes facendo, e, ademais, como é coral, como teñen varios conselleiros dicindo o que lles dá a gana e mais o presidente da Xunta dicindo absolutamente o contrario do que din os conselleiros, pois aquí non se entera ninguén.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, presidente.

O último que quero dicirlles é que se poñan, efectivamente, á fronte desta crise ambiental. Os concellos non poden con ela. O Goberno galego ten as competencias. E, ademais de poñerse á fronte o Goberno, queremos que compareza aquí o presidente da Xunta de Galiza para que lle diga ao pobo galego o que ten pensado facer a partir de agora, se vai seguir deixando todo nas mans da sociedade civil, nas mans do pobo, que é quen salva o pobo, efectivamente, ou se realmente vai actuar de presidente, que para iso o puxo aí o señor Feijóo.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debatemos agora o punto terceiro.

Solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e doce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, co obxecto de que compareza a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante *Toconao* fronte á costa portuguesa

O señor PRESIDENTE: Para formular esta petición ten a palabra o señor Pazos, do Grupo Parlamentario Popular.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Cando se manipula tanto, manipúlase ata o máis básico. O señor Rueda fíxoo presidente este Parlamento de Galicia. Vostedes téñenlle pouco respecto ao Parlamento e ao presidente, pero creo que ambas as institucións merecen un mínimo respecto.

Unha vez máis, señorías, asistimos a un novo intento de uso electoralista desta institución á maior gloria da oposición, que leva días —como escoitamos agora mesmo— tentando inventar unha catástrofe [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... que non quere dicir que non haxa problemas na costa galega. Pero, con tal de acadar un mínimo rédito electoral, vostedes son quen de mobilizar terminais mediáticas, exércitos de trolls e incluso as institucións públicas co fin de provocar unha marea de mentiras para xustificar a resurrección do añorado *Nunca máis*.

Dicía a señora Pérez que estamos a matar o mensaxeiro. Non, señoría, o mensaxeiro son vostedes. E acaba de amosalo vostede, que fala da chamada do día 13. ¿Sabe cando tivemos constancia dunha segunda [...] *(Microcorte producido na gravación.)*? Once días despois. Temos que supoñer que as dúas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Mentira, a súa! Pero non se preocupe, que mañá as mentiras van caer polo seu propio peso. Por certo, esquecéuselle contar tamén que o día 13, cando tivemos constancia desa chamada ao 112, inmediatamente se trasladou a Salvamento Marítimo, ao Goberno do Estado, que acababa de recibir ese mesmo día a comunicación de que se afundiran seis contedores, o cal non comunicou ata semanas despois.

Miren, levan vostedes días cun exercicio masivo de manipulación que resulta sinceramente sorprendente. Pretenden vostedes vincular a caída dun contedor con 26 toneladas de *pellets* a un vertido de 100.000 toneladas de chapapote, ¡100.000 toneladas de chapapote e 26 toneladas de *pellets*! Pretenden vostedes comparar a caída ao mar de seis contedores, un deles de *pellets*, cun desastre ecolóxico en Sri Lanka provocado polo incendio e afundimento dun buque con 1.486 [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... o *X-Press Pearl* —81 contedores de mercancías perigosas, 25 toneladas de ácido nítrico, 348 toneladas de aceite, 9.800 toneladas de resina epoxy e 75.000 millóns de *pellets* queimados e degradados—. Vostedes queren comparalo cun contedor de 26. E todo isto, señora Pérez, foi publicado en periódicos nacionalistas dos cales moitos de vostedes son accionistas, ¡son accionistas! [...] *(Microcorte producido na gravación.)* Non, eu ínstoa a que lea a súa magnífica reportaxe que compara a situación en Galicia cun desastre ecolóxico sen precedentes en Sri Lanka. Creo que merece a pena, creo que merece a pena. Iso é o que vostede chama rigor informativo.

Fronte a este disparate, a Xunta de Galicia e os concellos galegos —hai que dicilo— son as únicas administracións que están actuando para resolver este problema, porque é certo que temos un problema. E estano a facer en función da información da que dispoñen en cada momento —pouca e con atraso, pero fano coa que dispoñen en cada momento—. Pero é que, ademais de tomar as medidas para [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ..., a Xunta tamén se preocupou por facer outra cousa, que é unha defensa a ultranza dos intereses dos nosos sectores estratéxicos; entre eles, a frota pesqueira, o marisqueo e o turismo —sen

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dúbida en risco por unha irresponsable intoxicación informativa que non atende a máis interese que o interese electoral da esquerda galega—.

A Xunta e os concellos, cando tiveron coñecemento da aparición de sacos ou de *pellets* soltos, procederon a retiralos e —cousa que se lles esquece dicir a vostedes— informaron inmediatamente —non un día despois, non doce horas despois, non seis horas despois— a Salvamento Marítimo. Así que brigadas municipais, servizos de limpeza e Protección Civil foron os que retiraron iso.

Cando tivemos coñecemento da orixe dos *pellets* activouse o Camgal analizando mareas e eventos para intentar anticipar a chegada dos *pellets*, onde podían chegar e cando, e continuando coa retirada do material que ía chegando á costa; outra vez coa colaboración dos municipios, por suposto, [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... coa inestimable colaboración dos voluntarios, a quen hai que agradecérllelo sempre, e cos medios habilitados pola Xunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, con Tragsa, con máis de 200 efectivos —que van ser máis de 300— e que tamén están á disposición dos concellos.

E, namentres, vostedes ao seu. Só hai que comprobar como o están recollendo algunhas cabeceiras internacionais, das que se falaba aquí con moito orgullo, falando de «marea branca» ou recordando o *Prestige*. Pero ¿de verdade que pretenden establecer esta comparación e pretenden que non teña consecuencias negativas para Galicia? Claro que van falar cos [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... non se atreven. Non se atreven a dicir isto á cara da xente do mar. *BBC*, *The Guardian*, *Le Monde*, *Radio Francia Internacional*, *Reuters*, *Mirror*... ¿Preguntáronse vostedes por un segundo, en medio desta voráxine electoralista e manipuladora, cal é o custo reputacional da súa campaña para sectores como o do mar ou o do turismo? Pero ¿de verdade que pararon un segundo a pensar nisto? Creo que non, honradamente creo que non, porque, se penso que si, cada un dos autores desas declaracións [...] *(Microcorte producido na gravación.)*

E namentres a Xunta de Galicia e os concellos buscan solucións, o Goberno de España busca escusas. E aí si, aí hai que recoñecer que medios, non, pero as escusas nunca se lles acaban. Cando Portugal notifica o día 8 a caída de cinco contedores, non llo comunican á Xunta porque non ten maior importancia —o que dixo onte a ministra—. Cando o día 20 o armador alerta dos riscos, non avisan, porque a Xunta xa ten coñecemento e [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... ao 112 dun particular. Cando xa envían a comunicación e activamos o Plan Camgal, é que hai que activar o nivel 2 para que poidamos colaborar. Cando se activa o nivel 2 do Camgal, é que temos que dicir os medios que queremos que activen. Cando se indican os medios, é que «non recibimos o *mail*». Cando atopan o *mail* enviado, «é que non é posible facer busca no mar». E cando os *pellets* xa chegaron aos concellos, se estenderon a tres comunidades autónomas e xa están tocando as costas de Francia [...] *(Microcorte producido na gravación.)* ... Europa. ¡Home, que gran goberno! ¡Que actuación exemplar, señorías!

A min paréceme que levan uns cantos días máis preocupados de atender as exixencias de independentistas —dos cales precisan os seus votos— que de atender as necesidades reais que ten a costa, o sector do mar e o sector turístico galego. A iso non lle adicaron nin un minuto, así que mañá —perdón, estes días, ou mañá, ou pasado, non sei cando vai ser [...] *(Mi-*

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

crocorte producido na gravación.)—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Parécelle mal? ¿Parécelle mal? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Parécelle mal, vale. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois vai comparecer na Cámara a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente para informar con detalle do que si se fixo para abordar a situación provocada por eses contedores respecto dos que vostedes esquecen que se afundiron na costa portuguesa. E vaino facer en calidade de coordinadora do operativo da Xunta de Galicia porque é quen está coordinando e quen ten toda a información detallada [...] *(Microcorte producido na gravación.)*. Esa comparecencia vai servir para que todos os galegos teñan coñecemento do que fixeron uns e do que desafortunadamente non fixeron outros.

E namentres, ¡home!, sei que é bastante pedir pero eu pediría prudencia e mesura. Pediría que se fixese un esforzo para interceptar sacos no mar, que se fixese un esforzo para localizar e, se é posible, rescatar ou selar un contedor que probablemente segue a soltar *pellets*. E, se me permiten unha última petición —xa sei que esta non ma van atender—, pediría que deixasen de manipular, ¿verdade? Pediría que deixasen de facer cousas como esta, ¿verdade, señores do BNG?, de chamar á mobilización —iso si, utilizando fotos de fotógrafos...—. Son «tan graves» as imaxes en Galicia que non atoparon unha que lles valese. Entón buscaron unha dun fotógrafo californiano... ¡Isto non é manipular, eh!, isto non é manipular. Isto é que vostedes están preocupados e intentando informar obxectivamente. E, en fin, xa postos a pedir, ¿verdade, señor Álvarez? —que tamén isto xa é repetido, isto intentárono hai algúns anos cun ratiño xaponés no hospital de Vigo ata que lles caeu a cara e agora repíteno co peixiño de Sri Lanka, que nolo fan pasar coma se fose collido nas costas galegas—, un pouquiño de seriedade e un pouquiño de respecto a sectores que están preocupados e que por agora non teñen máis axuda que a que lles está prestando a Xunta de Galicia e os concellos litorais.

Máis nada e moitas grazas polo de agora.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor Pazos, hai que recoñecer que de toxicidade e de capacidade para intoxicar non anda vostede falto, igual que en vehemencia nas súas intervencións.

Fala vostede de toxicidade informativa cando xa resulta evidente a nivel nacional e internacional que a Xunta de Galicia foi de falsidade en falsidade, de ocultación en ocultación; iso si, coa inestimable e imprescindible colaboración necesaria da Corporación Radio e Televisión de Galicia para dicir que aquí non pasa nada. ¿É tóxica a prensa internacional? ¿Quere vostede que lle preguntemos *Le Monde* si considera que a súa información é tóxica para Galicia? ¿Cuestiona vostede a seriedade, a formación e a capacidade dos xornalistas dese medio e outros que veñen dicindo con insistencia que hai intereses políticos na xestión desta crise e que, polo tanto, están totalmente equivocados e que están ao servizo da oposición ao goberno do señor Rueda? ¿É iso o que quere vostede trasladar?

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, señor Pazos, aquí o que é certo é que é ese buque, o *Toconao*, o responsable do vertido de *pellets*, evidentemente. Pero a situación en Galicia comezou o día 13 de decembro. É enternecedor ese alegato das concelleiras e concelleiros costeiros de Galicia sobre que os particulares chaman porque se atopa un pneumático nunha praia. Pasará, non lle digo que non, pero, oia, señor Pazos, con todo respecto, creo que dicir que o dun pneumático é o mesmo que a alerta dun particular que retirou 58 sacos de *pellets* dunha praia... É un símil ata numericamente infumable. E esa é a realidade, por moito que vostede queira equiparar unha cousa con outra.

Mire, vostedes mentiron dicindo que non tiñan coñecemento dese feito. Negáronse a elevar o nivel do Plan Camgal e ademais aseguraron que as boliñas en cuestión non eran tóxicas. Pero hai que destacar que en parte, nun 30 por cento, teñen aditivos potencialmente tóxicos para os humanos. E iso é rigor científico e non é política. E, ademais, a Fiscalía de Medio Ambiente advertiu de indicios de toxicidade na marea de plástico de Galicia. Alertou de que eses *pellets* non son biodegradables e contribúen á contaminación por microplásticos.

¿Que fixo a Xunta de Galicia? Ben, pois a Xunta de Galicia contratou, para a limpeza dos *pellets,* a Trasga e á empresa navieira Ardentia. Hai que matizar neste momento que Tragsa reduciría a súa participación á retirada —unha vez que as boliñas en cuestión están fóra das praias— dese material. Pero é que a propia empresa, a navieira Ardentia, advertiu de que vía infrutuosa a retirada de *pellets* no mar e que a propia Xunta de Galicia recoñecía ante os concellos que a única forma de limpar era nas costas —segundo a propia información que a Xunta de Galicia lles remitiu aos concellos—. E creo que vostede, que parece ter toda a documentación asinada e apócrifa da Xunta de Galicia con respecto a este problema, coñecerá iso con detalle. Polo tanto, tampouco vou empregar moito máis tempo nesta explicación.

Iso si, a Xunta de Galicia sabe que os *pellets* en cuestión son practicamente indetectables na auga, pero queremos 11 embarcacións, queremos 1 avión, queremos 2 helicópteros e queremos que se detecten no mar. Ou sexa, a propia Xunta admite que son indetectables pero queremos todos eses medios simplemente para dicir que o Estado non pon á disposición o que se lle demanda. Podo garantirlles neste momento a todos os que aquí me están oíndo que o Goberno de España lle trasladou á Xunta de Galicia a súa disposición a ter, nun prazo de doce horas, os medios que se requiran para a retirada dos *pellets* unha vez que están fóra da auga. O que non vale, o que non vale porque é incongruente e ata é infantil, é dicir que os *pellets* son indetectables na auga e, por outro lado, pedir un montón de medios para que se detecten. Ou ¡arre! ou ¡xo!, ou «A» ou «A'», como se di en lóxica, ou unha cousa ou a contraria.

Mire, señor Pazos, están vostedes na fase típica de xestión dun goberno incompetente, de negación e minimización do problema —xa llo dixen na intervención da iniciativa anterior—. É a estratexia que se reduce á máxima de «busca implacable de culpables e castigo exemplar de inocentes». E iso é o que fan vostedes: buscar culpables. Cando se dan conta de que os culpables son vostedes, din: Imos responsabilizar a outros do problema, concellos incluídos.

E agora resulta que a oposición —e, en concreto, o Partido Socialista de Galicia— atacamos o sector pesqueiro. Ben, o sector pesqueiro xa houbo quen o defendeu, e cunha máxima: *«Las cosas entran por donde entran y salen por donde salen». Y nos hemos quedado tan panchos*

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

después de decir semejante maravilla científica. Mire, o sector pesqueiro convocou para o día 21 deste mes unha manifestación para, entre outras cousas, protestar pola xestión que está a facer a Xunta de Galicia desta crise.

Polo tanto, dado que ten toda a pinta de que o presidente da Xunta de Galicia non vai comparecer neste Parlamento, como sería a súa obriga —porque todo fai barruntar que vostedes van bloquear esa comparecencia—, teremos que conformarnos con que sexa a vicepresidenta e conselleira de Medio Ambiente a que compareza. Parece ser que será mañá. Agradecémoslle moito a información, que descoñeciamos por completo. Pero ben, sempre está ben enterarse deste tipo de cousas e sempre está ben saber que algún grupo parlamentario dispón de información privilexiada sobre a xestión parlamentaria. Agradézolle, en todo caso, esa información. Dicía que haberemos de conformarnos con esa comparecencia, na que, evidentemente, por moito que se intente explicar doutra maneira, se van poñer de manifesto —como se fixo nestes debates ao longo desta mañá— as contradicións, as falsidades e a manipulación da Xunta de Galicia, así como o seu presidente «non funcionando» —evítase o debate e, nese sentido, admito que ten razón vostede co de que non está en funcións—. Van evitar ese debate e teremos que conformarnos —repito— con esa comparecencia dun responsable, como se di en xestión de crise, de segundo nivel, e que aguante os tortazos onde os haxa que aguantar.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Quérolle tamén —en nome do meu grupo— dar as grazas ao señor Pazos por informarnos, efectivamente, de que será mañá esa comparecencia. En todo caso, despois, se ten un minutiño, a ver se nos pode dicir a que hora. Porque así xa nos organizamos absolutamente de todo. E ao mellor o señor presidente da Cámara igual lle ten que agradecer que xa faga o traballo de todos, de presidente, de Grupo Popular e de todos.

E fágolle outra aclaración antes de comezar a miña intervención. E, ademais, pódeme crer que lla fago a moitísima honra, ¡a moitísima honra! Eu, particularmente eu —descoñezo a situación dos meus compañeiros e compañeiras porque somos persoas discretas e estas cousas non nolas preguntamos—, estou máis que orgullosa, ¡máis que orgullosa!, de ser unha pequenísima accionista —pequenísima, iso si— dun xornal galego e en galego; dun xornal que, efectivamente, a vostedes non lles gusta. En todo caso, eu prefiro ser unha pequenísima accionista dese xornal galego, ou de calquera xornal galego e en galego, que, por exemplo, ser accionista de Endesa, de Iberdrola, de Naturgy ou ter precisamente a calquera representante de Naturgy, Iberdrola, Endesa ou do que sexa sentado —ou reservándolle unha cadeira— no Consello da Xunta para que xa directamente nos ou lles ordene o que hai que facer.

E, claro, é incrible ter que escoitar aquí, ¡absolutamente incrible!, que agora somos nós os que poñemos a frota pesqueira e o sector do mar en risco. Mire, señor Pazos, a xente do mar,

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

afortunadamente —igual que o resto da xente—, non é tonta, non é tonta, señor Pazos. E sabe perfectamente que no seu momento, canda o famoso veto ás 82 zonas de pesca de fondo, ás artes de fondo, a Xunta —a conselleira emérita— prometera quiñentas veces ao día —máis que o das catrocentas chamadas ao 112— que ía presentar un recurso para que iso non se levase a cabo. Non presentou recurso e tivo que ir á cola do sector pesqueiro —neste caso da Mariña, que foi quen o presentou—.

O sector marisqueiro galego puxérono vostedes en risco e non só este ano, ¡eh!, senón en anos anteriores, cando houbo, efectivamente, choivas intensísimas. Pero este ano puxérono en risco especialmente porque levan vostedes catro meses, desde outubro, dándolle voltas a unha especie de solicitude de zona catastrófica. Cando xa non tiveron saída, empezaron a prometer —está aí a prensa para recollelo— que ían estudar o tema das axudas con fondos propios. E resulta que a realidade é que temos miles de mariscadores e mariscadoras no noso país que levan desde outubro sen cobrar un peso grazas, iso si, ás decisións e ao operativo que é o presidente da Xunta, e xa non digamos o conselleiro do Mar.

E, claro —e iso si que é un risco e unha alarma para o sector do mar, porque o auténtico perigo do sector do mar son vostedes, é o Goberno galego—, permítenlles vostedes a empresas amigas todos os días e en todas as rías verter directamente *y no pasa nada*. ¿Que pasa?, ¿están os bancos marisqueiros afectados? Non hai problema, de oficio non se actúa e cando hai denuncias hai que darlles moitas voltas. Ou sexa, que quede claro: aquí o auténtico risco e a auténtica toxicidade do sector do mar neste país represéntaa a Consellería do Mar e o conxunto do Goberno galego.

Pero, falando de toxicidade, esta conselleira á que vostedes lle piden a comparecencia mañá é a mesma señora que nos falou, a mesma conselleira que nos falou publicamente, de que existían informes que aínda non coñecemos e de que tamén, segundo o publicado, foron contratadas empresas privadas, a pesar de que a Xunta de Galiza ten centros de investigación propios e ten universidades. Pois, non, mellor contratamos esta empresa privada amiga que *ya me lo hace* ad hoc, *¿verdad?* Que, efectivamente, debeu ser o que pasou, porque nós si que solicitamos o dichoso informe, os dichosos informes, e aínda estamos agardando. E moito temo que imos agardar, igual que agardan os concellos pola colaboración da Xunta e igual que agarda a xente que está limpando as praias coas súas mans polos operarios da Xunta.

E seguen, evidentemente, coa amnistía, ¡como non! É o tema estrela. Ese é precisamente o seu problema, iso é precisamente o que non lles deixa ver máis alá. Claro, e, mentres vostedes seguen con estas cousas, ¿verdade?, que afectan non se sabe a quen, aquí os problemas dos galegos están totalmente desatendidos. E para mostra, un botón.

E aínda lle vou dicir máis, señor Pazos. Vostedes piden a comparecencia da señora conselleira de Medio Ambiente, da vicepresidenta, e néganse a que compareza o presidente da Xunta porque a vostedes lles parece que a señora conselleira de Medio Ambiente, por exemplo, na Lei do litoral citou os concellos non sei cantas veces, fixo unha chea de reunións ou, cando menos, convocou unha chea de reunións cos concellos para que lle fosen alí de *atrezzo.* Pero, iso si, nada máis que para quitar a foto e dicir que hai moita xente. Porque, de participativa, a famosa Lei do litoral ¡nada!. Convocounos non sei cantas veces para iso e resulta que para este tema —que está absorbendo e está agobiando os concellos dende o día 13 de decem-

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bro— non os convocou nin unha soa vez. Non só non os convocou, senón que se permitiu, xa moi recentemente, esta semana, ir dar un paseo en barco, por exemplo, por Ribeira sen sequera darlle unha chamada telefónica ao alcalde de Ribeira. ¡O cal é absolutamente vergoñento! Como fan todos, ¡eh!, como fan vostedes. Van a Muxía e saen alí coa señora do PP e co señor patrón maior —que mellor nin falar xa dese home—. Van así a todos os sitios e realmente os cargos institucionais lles importan ben pouco, só lles importan se son os seus.

A señora conselleira que queren vostedes que veña comparecer aquí vén —din vostedes na súa petición— para informarnos sobre a situación —é textual— do litoral galego tras a perda da carga do *Toconao*. Realmente nós non necesitamos que nos informen de cal é a situación do litoral galego tras a perda da carga do *Toconao*. Nós o que necesitamos —nós e o pobo galego, a cidadanía— é que digan cando van actuar, se van actuar nalgún momento, se están vostedes para atender as necesidades dos galegos e das galegas ou se van seguir vostedes estando ao ditado do que lles diga Feijóo que hai que dicir. Se agora toca amnistía, vostedes, aínda que falemos de *bolitas* brancas —como lles chaman vostedes—, sacarán amnistía por onde poidan.

Señor Pazos, a estas alturas o propio sector do mar, por fortuna, sabe perfectamente quen é ou que elemento é o máis tóxico precisamente para desenvolver a súa actividade. E non hai máis que ver as estatísticas. Desde o ano 2009, e podemos falar do que queira, de buques, de número de tripulantes, de número de capturas, de incremento de vertidos, ¡do que queira!, ¡do que queira!, todo diminuíu agás os vertidos —que efectivamente subiron—. Esa é, señor Pazos, a verdadeira alarma e a verdadeira preocupación do sector do mar deste país.

Insisto, de informes de toxicidade non se sabe, non contestan, non os coñecemos, témonos que fiar da palabra da señora conselleira; dunha conselleira que, evidentemente, pide a comparecencia para, ¡como non!, agachar un presidente que segue —como di vostede— tomando decisións. Pero non se sabe onde nin que decisións toma, non se sabe. Entón preferimos que compareza a conselleira precisamente para que o señor presidente se siga agochando detrás da conselleira. ¡Ah!, iso si, tamén detrás das cámaras nesta ocasión non de plasma senón da Televisión Galega, que vostedes, o Goberno galego, segue manipulando ao seu antollo. E para mostra, tamén outro botón: a protesta de hoxe do propio Comité Intercentros do persoal da Compañía Radio e Televisión de Galicia.

Ben, señor Pazos, nós non nos conformamos. Non imos dicir, como o PSOE, que nos teremos que conformar con que compareza a señora vicepresidenta —que está convertida na portavoz oficial da inacción dun goberno absolutamente ausente na crise ambiental máis grave dos últimos vinte anos—. *¡No es un señor que llamó por un neumático, eh!* Non, non, é a crise ambiental máis grave no mar nos últimos vinte anos —no mar e na costa—, digan vostedes o que digan. E a alarma prodúcese cando a xente está vendo os feitos —incluídas as persoas que se dedican ao sector do mar— e vostedes os seguen negando. Esa é a alarma.

Entón, nós non nos conformamos, pero evidentemente imos acabar co refrán de «máis vale algo que nada». Teremos que vir, efectivamente, escoitar a comparecencia da señora conselleira, que non sei se nos vai dar algunha sorpresa, se nos vai traer copia dos informes famosos que din que o material plástico non é nin tóxico nin perigoso —que o segundo día xa tivo que corrixir e deixalo só en que non era perigoso—. En fin, nós escoitaremos a señora

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conselleira, como non podía ser doutra maneira. E, en todo caso, a nós o que nos parece é que esta conselleira tamén está sendo posta á fronte para protexer ou para agochar un presidente que non é capaz —xa o ten demostrado— de ser presidente operativo deste país e de tomar decisións —e non das que se toman e do que logo non din nada—. É unha pena.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo propoñente, o Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas polo mitin, señora Pérez.

Antes de nada [...] *(Microcorte producido na gravación)* ... poden tamén coller vostedes xa os billetes eses para ir á manifestación a Bilbao, a esa á que queren ir estes días de apoio aos presos de ETA. E así facilitamos todo e xa poden marchar.

Mire, unha aclaración previa. Eu non son accionista de ningunha desas empresas que nomeou vostede, ¡de ningunha! Pero tampouco son accionista dun periódico que nestes días quixo comparar a maior catástrofe ambiental da historia de Sri Lanka —da que dei antes os números— coa [...] *(Microcorte producido na gravación)*. Tampouco son accionista deses. Pero, ben, para vostedes xa sei que hai empresarios bos e malos en función basicamente do momento. O de Monbus era malísimo. Pero o outro día atopouse a alcaldesa con el, e bicos e abrazos. ¡Oe!, e xa está. Recordamos todos cando Amancio Ortega e Inditex eran explotadores e non sei que máis. E despois foron visitar as instalacións. Son vostedes así. Tamén critican a banca, pero despois danlle máis importancia ao informe de BBVA Researchs que ao da AIReF. Esta é a coherencia do BNG [...] *(Microcorte producido na gravación)*.

E, efectivamente, nunha cousa si estamos de acordo, porque en algo temos que coincidir. Efectivamente, díxoo a señora Rodil e díxoo vostede: os galegos non son parvos. Non, claro que non, e por iso vostedes están aí e por iso nós estamos aquí. Porque esta novidade que traen vostedes agora é exactamente a mesma que levan repetindo vostedes os últimos catorce anos —en tema sanitario, en tema de pesca...—. É exactamente a mesma en catorce anos.

Vostedes están, claro, con que non podemos comparar un vertido de pneumáticos con 58 sacos [...] *(Microcorte producido na gravación)* ..., probablemente. Pero esquécelles unha cousa. Cando apareceron eses 58 sacos de *pellets* houbo unha administración que descoñecía que caera un contedor de *pellets* ao mar, e houbo outra que o mesmo día que lle comunicaron que apareceran 58 sacos de *pellets* xa tiña coñecemento da caída dese contedor. Dicía que a chamada foi o día 13. E a Xunta non tivo coñecemento dese contedor ata moitos días despois. Porque unha cousa é saber que aparecen *pellets* e outra cousa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ¿e sabía vostede se eran dun barco, dunha fábrica, se eran dun barco que circulaba pola costa, se eran dunha caída accidental dun barco de transporte local...? ¡Pero vostedes queren tomar a xente por parva, eu creo que si! [...] *(Microcorte producido na gravación)* ... usar medios mariños cando son indetectables... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non se alporice. Mire, unha pregunta: pero ¿son indetectables para todo o mundo?,

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿son indetectables só para a Xunta? Porque, se son indetectables, ¿que quere que faga a Xunta antes de que cheguen á costa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, non, pregunto, pregunto. Son indetectables para os medios do Goberno, é unha cousa incrible. Non, claro que non son indetectables.

Mire, houbo un mariñeiro —moi mediático, por certo— que tamén dixo hai uns días que eran indetectables. Ao día seguinte publicou en redes que atopara un saco de *pellets*. Di: «Miren, pensei que eran indetectables [...] ...» *(Microcorte producido na gravación)*. Non pasa nada, todos nos podemos equivocar [...] *(Microcorte producido na gravación)* «... pensei que eran indetectables e, mira, acabo de ter noticia de que atoparon un saco de *pellets* entre augas». ¿Sabe cando son indetectables en calquera caso? Cando non se buscan. Aí si que son indetectables. Cando se buscan, igual se atopan poucos, igual se atopan moitos, igual fan algo. Din que tampouco poden baixar ao pecio. Non o sei, pero ¿de verdade que non hai un medio técnico de comprobalo? Chegouse a fonduras maiores e seláronse. [...] *(Microcorte producido na gravación)* ... e pasan os anos e imos para atrás nisto da tecnoloxía nacional. É unha cuestión francamente simpática.

Mire, eu non cuestiono a mensaxe do..., cuestiono a súa. E vostedes aquí hoxe viñeron os dous a cuestionar os informes técnicos. Eu non sei. Descoñecen vostedes os informes. Eu atopeinos onte publicados, eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, estaba na páxina do periódico que dicía que contradicía o primeiro informe que descartaba a toxicidade. Eu atopeino aí. [...] *(Microcorte producido na gravación)* Eu tomei a molestia á diferenza de vostede —porque pasa de lelo—. Mire voulle ler as veces que repite isto: «*No es una sustancia o mezcla peligrosa...*», «*... no contiene pigmentos peligrosos...*», «*... no es una sustancia o mezcla peligrosa...*», «*... no es una sustancia o mezcla peligrosa...*», «*... no es una sustancia o mezcla peligrosa...*», «*... no es una sustancia o mezcla peligrosa...*». Conclusións finais —e vanse sorprender—: «*No es una sustancia o mezcla peligrosa*». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, si, o titular era: *O segundo informe da Xunta desmente a ausencia de toxicidade dos pellets.* Porque dicía: «*En caso de vertido accidental se indica no inhalar el polvo*». Porque, como explica antes, efectivamente, o compoñente existe en polvo. ¿É polvo o que está chegando ás nosas costas? ¿De verdade que se lles pode trasladar isto aos voluntarios que van recoller, aos profesionais que van recoller? É unha broma, ¿non? [...] *(Microcorte producido na gravación)*

En fin, debateremos, aclararemos, e esperemos poñerlle o ramo a esta cuestión definitivamente.

Máis nada, polo de agora, moitas grazas. E imos votar a favor, por suposto.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Votación das solicitudes de convocatoria da Deputación Permanente

O señor PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, á votación. Imos facer a votación por separado das tres propostas.

Comezamos votando o documento número 63822. É a petición da comparecencia polo tema de sanidade.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia, diante da situación de colapso en que se atopa a sanidade pública galega, para dar conta das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: Votamos o segundo, que é tamén a petición da comparecencia do presidente polo tema de medio ambiente.

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, presentada por seis deputados/as do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, co obxecto de que compareza o presidente da Xunta de Galicia para dar conta da actuación da Xunta diante da traxedia medioambiental provocada pola vertedura de pellets *de plástico na costa galega, así como das medidas que adoptou e pensa adoptar o Goberno galego ao respecto.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a petición de comparecencia da vicepresidenta segunda.

Votación da solicitude de convocatoria urxente da Deputación Permanente, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e doce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, co obxecto de que compareza a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para informar sobre a situación do litoral galego tras a perda da carga do mercante Toconao *fronte á costa portuguesa.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 23.

O resultado da votación é positivo.
En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Habendo unanimidade e habendo tamén unanimidade nos grupos á hora de falar, será mañá ás doce e cuarto. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.).* Estaban todos de acordo, entón ás doce e cuarto, sen problema ningún. Aquí estamos convocados.

Remata a sesión ás once e cincuenta e sete minutos da mañá.

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-YvqdU3jBg-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/